

# LIDERA

## Newsletter nº 9

Septembro 2019

### MOCIDADE: ENCONTRO DA XUVENTUDE CREATIVA E EMPRENDEDORA GALICIA- NORTE DE PORTUGAL

11º EMAX: “Encontro mostra asociativa xuvenil Galicia-Norte de Portugal

XUNTA DE GALICIA

**mocidade**  
Encontro da xuventude creativa e emprendedora de Galicia e Norte de Portugal

25 A 27 DE OUTUBRO 2019  
MUSEO  
CENTRO GAIÁS  
DA CIDADE DA CULTURA

INSCRIPCIÓN E MÁIS INFO : [XUVENTUDE.XUNTA.ES](http://XUVENTUDE.XUNTA.ES)

PROGRAMA INTERREG V-A ESPAÑA - PORTUGAL. POCTEP CATALIZADOR DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO E EMPRENDAMENTO TRANSFRONTEIRIZO (LIDERA)

Interreg España - Portugal, Xacobeo 2021, Galicia o bo camiño, GALICIA EUROPA, Comunidade Intermunicipal do AVE, fraj, Cámara, ipdj

A Xunta de Galicia, a través da **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social**, coa colaboración dos socios do proxecto Lidera, pon en marcha “Mocidade: Encontro da xuventude creativa e emprendedora Galicia – Norte de Portugal”, un espazo de formación, creatividade, emprendemento, cultura e lecer que permitirá establecer sinerxías, compartir experiencias, proxectos e ideas, e impulsar á xuventude no seu desenvolvemento persoal e profesional.




O encontro, que terá lugar en Santiago de Compostela, do 25 ao 27 de outubro de 2019, ten como obxectivo promover e estimular a creatividade e o espírito emprendedor da mocidade galega e portuguesa a través dun espazo aberto á participación, ao tempo que fortalecerá os lazos de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal, especialmente en temas que melloren a empregabilidade da xuventude.

“Mocidade” promoverá o diálogo entre os participantes galegos e portugueses, pero tamén busca asentarse como un evento de referencia para os mozos e mozas grazas a unha programación multidisciplinar, moderna e á vangarda das novas correntes e sectores emerxentes.

A inscrición neste evento, totalmente gratuíto, dará acceso a todas as mesas redondas, charlas e dinámicas do evento, aos concertos musicais, así como ao aloxamento e manutención durante os tres días do encontro.

Trátase dunha actividade enmarcada no proxecto “Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo” (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) e que ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos e mozas do territorio.

Este evento está destinado ás mozas e mozos galegos e portugués de entre 18 e 30 anos de idade. Se prevé unha xuntanza de 400 mozos. A inscrición é totalmente



gratuíta e dará acceso a todas as mesas redondas, charlas e dinámicas do evento, aos concertos musicais, así como ao aloxamento e manutención durante os tres días do encontro. Para solicitar unha das prazas que se ofertan deberase realizar a

solicitud a través do formulario habilitado na páxina [web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado](#). Nesta mesma páxina os interesados poderán coñecer máis información sobre o evento.





## PROGRAMA

---

O primeiro día a programación contará con dúas mesas redondas, a primeira delas baixo o nome Emprendemento: da idea á realidade e a segunda, Claves para xerar futuro: actitude, aptitude e talento, na que participarán, entre outros, o rapeiro freestyle Arkano, o artista Abelo Valis e a deportista galega paraolímpica Desirée Vila. Para finalizar a xornada, haberá música ao vivo a cargo de Baiuca e Ortiga.

O día 26 pola mañá poñerase en marcha un novo relatorio co título Novas profesións: as oportunidades na industria dos videoxogos. Ademais, haberá diversos espectáculos en directo, un de creación de graffitis, un showcooking e unha charla sobre como funciona un equipo de e-Sports. Pola tarde, haberá unha nova charla, neste caso, ofrecida polo artista El Langui co nome: Xuventude inquieta, xuventude creativa: superación, expresión e creatividade. Tamén na xornada vespertina celebrarase a mesa redonda Comunidade Tech e para rematar de novo con música a cargo de Blanco Palamera, Triángulo de Amor Bizarro e Cora Novoa.

A última xornada, os participantes en Mocidade realizará o último tramo do Camiño de Santiago, desde o Monte do Gozo ata a Praza do Obradoiro. Por último terá lugar unha actuación de Presumido e The Sunflowers para pechar o evento.

No transcurso da cita, que terá lugar na Cidade da Cultura, **a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela** habilitará un punto de recollida de currículos e a **Fundación Galicia Europa** no seu stand poñerá as novas tecnoloxías ao servizo da xuventude emprendedora, que dun xeito participativo interactuará respondendo ás liñas básicas do emprendemento e as novas ideas.





**Interreg**  
España - Portugal  
**LIDERA**

Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



**PROXECTO**  
**LIDERA**

---

O proxecto “Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo” (acrónimo LIDERA) foi aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) e ten como obxectivo promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos e mozas do territorio. Conta cun orzamento de 1.428.692, 93 euros cun financiamento dun 75 % de fondos Feder e unha duración de catro anos (2016-2019).

Este encontro forma parte da actividade “Emprende” dirixida a aquelas iniciativas, ideas, entidades que desexen iniciar unha nova liña de negocio, que contén cun grao de madurez suficiente co obxectivo de apoialas, afianzalas e acompañalas durante a súa



posta en marcha. Neste encontro os mozos e mozas poderán coñecer e intercambiar experiencias con outras persoas mozos, tanto do propio territorio do proxecto como doutros territorios transfronteirizos.

Son socios do proxecto: a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e

Voluntariado, a Fundación Galicia Europa, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, o Instituto Português do Desporto e da Juventude (IPDJ), a Federación Nacional de Associações Juvenís Portuguesas (FNAJ) e a Comunidade Intermunicipal do Ave.



**Interreg**  
España - Portugal  
**LIDERA**

Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

